

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

**Expediente: 3906/2024**

**Expediente relacionado: 522/2024 e 3535/2024**

MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 18/2024-XC

**Asunto:** Trámites previos ao inicio do expediente de contratación da obra "MELLORA DE BOMBEO DE AUGA POTABLE NO LUGAR DE BRAZOS PARA MINIMIZAR PERDAS DE AUGA" subvencionado por Augas de Galicia DOG número 20 do 29 de xaneiro de 2024.

De conformidade co disposto nos artigos 28 e 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 e, en canto non se opoñan á anterior, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (en diante RGLCAP), así como na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no relativo ao acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, elabórase a correspondente memoria xustificativa da necesidade do contrato do asunto.

### ANTECEDENTES

1. Resolución alcaldía número 2024-0274 do 29.02.2024 pola que se aproba o proxecto de obra.
2. Proxecto de obra para a mellora de bombeo de auga potable no lugar de brazos para minimizar perdas de auga asinado o 28.02.2024 polo arquitecto municipal cun orzamento de execución de obra que ascende a 81.685,68 euros (Ive engadido) que incorpora a acta de reformulo e a declaración completa de obras así como a xustificación da non división en lotes.
3. Resolución do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e convócanse para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E). DOG número 20 do 29.01.2024
4. Autorización da Xefatura Territorial de Augas de Galicia para a realización das obras (registro de entrada número 5070 do 17.04.2024)
5. Resolución da conselleira de infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia de concesión da subvención (registro de entrada número 8654 do 05.07.2024) por importe de 45.000 euros.
6. Resolución de Augas de Galicia pola que se amplía o prazo de xustificación ata o 12.11.2024 (DOG número 131 do 08.07.2024)
7. Informe técnico emitido polo arquitecto municipal o 02.08.2024
8. Retención de crédito asinada pola intervención o 05.08.2024

### 1.-COMPETENCIA, OBJETO DO CONTRATO E NECESIDADE DE EXECUCIÓN DA



## OBRA :

Este contrato licítase ao amparo do artigo 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que establece para “para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, as entidades locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, poseer, reivindicar, gravar ou enaxenar toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras e servizos públicos, obrigarse, interpor os recursos establecidos e exercitar as accións previstas nas Leis”

Ao abeiro do artigo 25.2.a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración de Galicia, os concellos asumen competencias en materia de urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística; protección e xestión do Patrimonio histórico; conservación e rehabilitación da edificación; protección da salubridade pública; seguridade nos lugares públicos; conservación de camiños e vías rurais; protección do medio ambiente; alumeadado público, tráfico, promoción das instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer, así como as culturais, etc.

O concello carece de medios propios, técnicos e de persoal, para a execución deste contrato, o que xustifica a súa licitación.

Segundo o proxecto redactado polo arquitecto municipal Emilio Piña Ordíz é obxecto deste contrato:

.../...

*“As obras a executar se definen do seguinte xeito: As bombas de nova instalación deberán proporcionar a potencia necesaria ao fluído para bombealo duna maneira correcta, sen causar sobre presións na tubaxe, dende a estación de bombeo ata a depuradora de auga potable, a una distancia total de 1.050 m (aprox). As actuacións a realizar na sala de bombas son as seguintes: • Desmontaxe das bombas de presión existentes. • Demolición da bancada das bombas existentes. • Nivelación do chan da sala de bombas. • Formación de bancada para a colocación das novas bombas. Terá unhas dimensións de 300 cm de lonxitude x 120 cm de ancho e 20 cm de grosor. Instalación do novo grupo de presión. Proponse a instalación de 4 bombas centrífugas en liña, multicelular vertical, cunha potencia unitaria por bomba de 30 Kw. Corpo inferior en función. Impulsores e difusores de aceiro inoxidable AISI 304. Eixos de aceiro inoxidable AISI 304, camisa exterior de aceiro inoxidable AISI 304, provista de peche mecánico carburo de silicio/carbono/EPDM. Xuntas tóricas EPDM. Acionamento mediante motor normalizado asíncrono de 2 polos e factor de protección IP55 ou superior, para alimentación trifásica a 400 v 50 Hz. Bancada metálica común para bombas e cadro eléctrico; válvulas anti-retorno y de illamento montadas en impulsión de bombas. Colector de impulsión fabricado en aceiro DN 250. Manómetro. Cadro eléctrico de forza e control para operación totalmente automática do grupo, con 4 convertidores de frecuencia, integrado nuna estrutura de armario de chapa de aceiro, sobre soporte metálico fixado á bancada ou parede. Microprocesador, para xestión automática integral del grupo con alternancia entre todas as bombas, incorporado. Display dixital e teclado de programación. Filtro EMC integrado. 5 Transdutores de presión 4-20 mA. Líñas de forza a motores e mando. Regulador de nivel/Presostato de mínima para protección contra traballo en seco. Interfaz RS-485 integrada para fácil control por bus de comunicacións. Funcionalidade PLC integrada baseada en IEC61131-3. Instalación da rede de tubaxe e valvulería da sala de bombas. Modificación do cadro xeral de baixa tensión e instalación da nova liña de alimentación ao cadro de bombas. • Instalación da rede de tubaxe e valvulería da sala de bombas. Instalarase rede de tubaxe con trazado según plano con 2 depósitos hidroneumáticos para auga fría potable, con membrana de caucho atóxico sintético, construído en chapa de aceiro con protección exterior, sobre superficie fosfatada e imprimación con terminado ao forno, de 200 litros de capacidade, timbrado a unha presión de 16 Bar. Se instalará ademais un colector DN 300 con válvulas de illamento para cada bomba incorporadas y un xogo de contactos libres potencial. • Modificación do cadro xeral de baixa tensión e instalación da nova liña de alimentación ao cuadro de bombas”*

.../...

Trátase dun **contrato administrativo de obras** de acordo co artigo **13 da LCSP**:



*“1. Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto uno dos seguintes:*

*a) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no Anexo I. b) A realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados pola entidade do sector público contratante que exerza unha influencia decisiva no tipo ou o proxecto da obra.*

*2. Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir en por si unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible.*

*Tamén se considerará «obra» a realización de traballos que modifiquen a forma ou substancia do terreo ou do seu voo, ou de mellora do medio físico ou natural.*

*3. Os contratos de obras referiranse a unha obra completa, entendendo por esta a susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo das ampliacións de que posteriormente poida ser obxecto e comprenderá todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.*

*Non obstante o anterior, poderán contratarse obras definidas mediante proxectos independentes relativos a cada unha das partes dunha obra completa, sempre que estas sexan susceptibles de utilización independente, no sentido do uso xeral ou do servizo, ou poidan ser substancialmente definidas e preceda autorización administrativa do órgano de contratación que funde a conveniencia da referida contratación.*

*Poderanse celebrar contratos de obras sen referirse a unha obra completa nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 30 da presente Lei cando a responsabilidade da obra completa corresponda á Administración por tratarse dun suposto de execución de obras pola propia Administración Pública.”*

En concordancia co artigo **25.1 da LCSP**, que establece que “Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública: a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos (...) 2. Os contratos administrativos rexiranse, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado (...)

## **2.-CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO:**

As establecidas no proxecto definitivo da execución das obras asinado o 28.02.2024 polo arquitecto municipal Emilio Piña Ordíz que ten a consideración de prego de prescricións técnicas para esta licitación.

## **3.-XUSTIFICACIÓN DO TIPO DE PROCEDEMENTO**

De conformidade co artigo 131.2 da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación realizarase, utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, e utilizando o **procedemento aberto simplificado** previsto no artigo 159 da citada norma por concorrer o suposto previsto na letra a) do apartado 1º do precepto de referencia e toda vez que a simplificación dos trámites permite a tramitación máis sinxela e áxil do procedemento de contratación compatible coa concorrencia esixible en aras de garantir a mellor oferta do mercado para a execución da obra xunto co cumprimento dos principios que deben informar a contratación no sector público.

Nos procedementos abertos todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato coas persoas licitadoras.



#### 4.- DURACIÓN DO CONTRATO.

De acordo co disposto no proxecto técnico que ten a consideración de prego de prescricións técnicas e no informe técnico do Arquitecto municipal do 02.08.2024 nesta licitación o prazo de execución é de **DOUS (2) MESES** dende o comezo da obra.

#### 5.- VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO DE LICITACIÓN, FINANCIAMENTO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

O valor estimado do contrato do contrato de obras segundo o proxecto técnico é de **67.508,83 €** (IVE excluído)

O IVE correspondente ascende a **14.176,85 €**, sendo o orzamento de execución por contrata de **81.685,68 € (IVE incluído)**.

A actuación está financiada parcialmente pola subvención concedida por Augas de Galicia para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia convocadas para o ano 2024 (DOG número 20 do 29.01.2024).

#### 6.- DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA E NECESIDADE DE ESTUDO XEOTÉCNICO.

Constan no expediente o informe técnico xustificativo da declaración de obra completa tamén consta no proxecto técnico (informe técnico municipal do 02.08.2024).

#### 7.- IMPROCEDENCIA DA DIVISIÓN EN LOTES.

De acordo co proxecto técnico asinado o 28.02.2024 polo arquitecto municipal non procede a división do contrato en lotes.

Neste sentido, no citado proxecto faise constar:

*“01.07.- Xustificación da non división por lotes: De acordo o artigo 99 da LCSP se consideran motivos para a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:a) El hecho de que la división en lotes del objeto del contrato conlleve el riesgo de restringir injustificadamente la competencia. A los efectos de aplicar este criterio, el órgano de contratación deberá solicitar informe previo a la autoridad de defensa de la competencia correspondiente para que se pronuncie sobre la apreciación de dicha circunstancia. b) El hecho de que, la realización independiente de las diversas prestaciones comprendidas en el objeto del contrato dificultara la correcta ejecución del mismo desde el punto de vista técnico; o bien que el riesgo para la correcta ejecución del contrato proceda de la naturaleza del objeto del mismo, al implicar la necesidad de coordinar la ejecución de las diferentes prestaciones, cuestión que podría verse imposibilitada por su división en lotes y ejecución por una pluralidad de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, en su caso, justificados debidamente en el expediente. Neste caso, a principal partida da obra instalación de bombas debe de ser feitos por unha única empresa para garantir a correcta execución da mesma dende o punto de vista técnico, e coordinar axeitadamente os traballos. O resto de partidas son de pequeno importe e non se considera oportuno realizar unha división por lotes para partidas de escaso importe. Polo anteriormente exposto, NON se considera oportuna a división por lotes.”*

#### 8.- AUTORIZACIÓNS E PERMISOS SECTORIAIS.



Autorización da Xefatura Territorial de Augas de Galicia para a realización das obras (registro de entrada número 5070 do 17.04.2024) que figura no expediente 522/2024

Por todo o exposto propónse a tramitación do expediente de contratación necesario para a execución do investimento ao que se fai mención.

Boiro, na data que figura na marxe

O concelleiro de obras

Documento asinado electronicamente

